WIKIPEDIA

Lingua vietnamita

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **vietnamita**[1] (*tiếng Việt*, *tiếng Việt Nam*, ou *Việt ngữ*), unha lingua tonal, é a lingua oficial de Vietnam (*Việt Nam*). É a lingua do pobo vietnamita (*người Việt* ou *người kinh*), que constitúe arredor do 87% da poboación de Vietnam (e segundo idioma do resto da poboación vietnamita), ademais de selo de 2 millóns de emigrantes vietnamitas, a metade nos Estados Unidos [2]. Aínda que contén moito vocabulario proveniente do chinés, e que foi no pasado escrito usando os ideogramas chineses, non é considerado como emparentado ao chinés senón como unha lingua austroasiática. Antigamente foi coñecido, baixo a dominación francesa, como Annamita (ver Annam) O vietnamita actualmente usa o alfabeto latino, complementado cunha chea de acentos diacríticos.

Vietnamita 'Tiếng Việt'	
Falado en:	Vietnam, Estados Unidos, Camboxa e outros países
Rexións:	Sueste asiático
Total de falantes:	70–73 millóns nativos; 80 millóns total (primeira o segunda lingua)
Posición:	16
Familia:	Austro-asiática Mon-khmer Viet-muong **Vietnamita**
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Vietnam
Regulado por:	Instituto de Ciencias Sociais de Hanoi
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	vi
ISO 639-2:	vie
SIL:	VIE


Índice

Clasificación

O vietnamita pertence ao grupo viet-muong, da rama mon-khmer da familia austroasiática, unha familia que tamén inclúe a lingua khmer, que se fala en Camboxa, e varios idiomas tribais e rexionais, como as linguas mundas, que se falan no nordeste da India, e outros máis no sur de China e a península malaia.

Considérase que o vietnamita pertence á superfamilia áustrica (que tamén inclúe as linguas austronesias como o malaio, o cham, o malgaxe, o maorí, e o hawaiano), aínda


que se discutiu a clasificación da superfamilia áustrica, xa que algúns lingüistas considérana como unha lingua illada.



Distribución xeográfica

De acordo coa publicación The Ethnologue, o vietnamita fálase en Australia, Camboxa, Canadá, China, Costa do Marfil, Finlandia, Francia, Alemaña, Laos, Martinica, Países Baixos, Nova Caledonia, Noruega, Filipinas, Senegal, Tailandia, Reino Unido, EE.UU. e Vanuatu.

Historia



Principais comunidades falantes de vietnamita no mundo
Países con máis dun millón de falantes
Países con máis de 100.000 falantes

É probábel que no pasado distante o vietnamita haxa compartido máis características cos outros idiomas da familia austroasiática, como unha morfoloxía inflexiva e unha variedade máis rica de grupos consonánticos, mais estes trazos realmente desapareceron da lingua. Porén, o vietnamita estivo moi influído pola súa situación no sprachbund do sueste asiático, co resultado de adquirir características como a morfoloxía illante e a tonoxénese. Estas características, aínda que poderían existir na lingua protoaustralasiática, chegaron a ser unha dos varios idiomas non relacionados filoloxicamente do sueste asiático. Por exemplo, o tailandés (unha das idiomas tai-kadai), o tsat (un membro da familia malaio-polinesia dentro da austronesia), e o vietnamita desenvolveron tonos como característica fonémica, aínda que as súas idiomas ancestrais non eran tonais orixinariamente.

O antepasado do idioma vietnamita estaba situado nun comezo na rexión do río Vermello no que hoxe é o norte do Vietnam, e durante a expansión posterior do pobo vietnamita para o que hoxe é Vietnam central e Vietnam do sur (pola conquista do reino antigo Champa e o pobo camboxana do delta do Mekong, nos arredores de Saigón/Cidade de Ho Chi Minh na actualidade), o vietnamita foi influído lingüisticamente ao principio, polos idiomas indios e malaio-polinesios, ata que o chinés empezou a dominar politicamente a metade do primeiro milenio antes de Cristo.

Coa dominación política chinesa vén a importación radical do vocabulario e a influencia gramatical chinesa. Posto que o chinés foi, durante un período prolongado, o único idioma da literatura e o goberno, e tamén o idioma principal da clase dirixente en Vietnam, gran parte do léxico vietnamita consiste en *hán việt*, é dicir, palabras derivadas do chinés. De feito, mentres que a lingua vernácula de Vietnam gradualmente gañou prestixio ao principio do segundo milenio, o vietnamita seguiu escribíndose usando os caracteres chineses (ver chữ nôm) que se adaptaron para escribir en vietnamita, como no Xapón (ver Kanji), Corea, e outros países da esfera cultural chinesa.

Mentres aumentaba o contacto co Occidente, o sistema quốc ngữ de escritura romanizado no século XVII foi desenvolvido por portugueses e outros europeos involucrados na conversión relixiosa e o comercio en Vietnam. Porén, a escrita romanizada non chegou a dominar ata principios do século XX, cando se xeneralizou o seu uso ao considerarse que un sistema de escritura máis sinxelo podía mellorar a educación e a comunicación da poboación en xeral.

Status oficial

O vietnamita é o idioma oficial de Vietnam.

Dialectos

Hai varios dialectos intelixíbeis entre si (algúns máis intelixíbeis que outros). Os tres dialectos principais son:

Nome moderno	Dialectos rexionais	Nome anterior
Vietnamita do norte	Dialecto de Hanoi, outros dialectos do norte: Haiphong e varias formas provinciais	Tonkinés
Vietnamita central	Dialecto Huế, Dialecto Nghệ An, Dialecto Quảng Nam	Alto anamés
Vietnamita do sur	Dialecto de Saigón, Dialecto do Mekong (Afastado oeste)	cochinchinao

Estes dialectos son un pouco distintos en canto ao ton, aínda que o dialecto de Huế é marcadamente diferente aos demais. Os tons *hỏi* e *ngã* son máis distintos no dialecto do norte que no do sur.

Notas

1. Definicións no *Dicionario da Real Academia Galega* (http://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/vietnamita) e no Portal das Palabras (http://portaldaspalabras.gal/dicionario/procura/vietnamita) para *vietnamita*.
2. Linguas faladas no fogar. US Census 2000 (http://www.census.gov/population/cen2000/phc-t20/tab05.pdf)

Véxase tamén

Outros artigos

- Alfabeto vietnamita



Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua vietnamita***

Ligazóns externas

en inglés

- VDict (http://vdict.com): Dicionarios online de vietnamita
- Reporte do Ethnologue sobre o vietnamita (http://www.ethnologue.org/show_language.asp?code=VIE)
- Vietnamese Writing System (http://www.cjvlang.com/Writing/writviet.html): Un esbozo sobre a escrita vietnamita.

- 20 leccións (http://www.seasite.niu.edu/vietnamese/VNLanguage/SupportNS/tableofcontent.htm)
- Vietnamese 101 (http://www.101languages.net/vietnamese/) Aprendizaxe online do vietnamita]
- Teclado vietnamita en liña (https://web.archive.org/web/20070211220347/http://www.incks.com/en/vietnamese.html)

Este artigo sobre lingüística é, polo de agora, só un bosquexo. Traballa nel (https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Lingua_vietnamita&action=edit) para axudar a contribuír a que a Galipedia mellore e medre.

Existen igualmente outros artigos relacionados con este tema nos que tamén podes contribuír.